

ÁREA DE URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE
DIRECCION DE URBANISMO- XESTION DO SOLO
📁 620/2019/17 📄 62013S00P3

ANUNCIO

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A OBTENCIÓN DO SOLO DO SISTEMA XERAL VIARIO ACCION VG 6 “AVENIDA FINISTERRE 2” DO PXOM.

A Xunta de Goberno Local o día 23 de maio de 2019, acordou:

“Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación forzosa para a obtención do solo do sistema xeral viario VG 6 “Avenida de Finisterre 2, elaborado polos técnicos municipais do Servizo de Planeamento e xestión. O importe do presente proxecto de expropiación ascende a cantidade de 157.116,15€, existindo crédito adecuado e suficiente no orzamento de 2019 (orzamento prorrogado de 2018) con cargo ás aplicacións 30.151.600.05.17 (código de proxecto 2014 2 30 6) e 30.151.600.05.16 (código de proxecto 2014 2 30 6).

Segundo.- Optar polo procedemento de taxación conxunta para a tramitación do expediente.

Terceiro.- Ordear a apertura do trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación da provincia, así coma na sede electrónica municipal, para que aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que consideren convenientes, en particular no relativo á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

Cuarto.- Notificar as taxacións de forma individual a aquelas persoas que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, mediante traslado literal das correspondentes follas de valoración e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que poidan formular alegacións no prazo dun mes, contado a partir da data da notificación e requirirles que acheguen os títulos que os acrediten como propietarios/as ou titulares doutros dereitos.



Quinto.- Con respecto aos interesados que teñen realizado previamente o seu ofrecemento a transmitir ao Concello da Coruña os bens inmobles obxecto deste expediente expropiatorio, para os efectos de acadar o mutuo acordo e, de ser o caso, a finalización do expediente, seguiranse neste suposto os trámites previstos no art. 24 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954 e nos artigos 25 a 27 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa de 26 de abril de 1957, sempre que se cumpran os requisitos previstos no artigo 43.4 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.”

O expediente estará a disposición xeral, durante o prazo dun mes, nas dependencias do Departamento de Xestión do Solo sitas no edificio de Urbanismo, na rúa Indalecio Prieto nº1, 2º andar, en horario de 9:00 a 14:00 e na web deste Concello www.coruna.gal, no apartado da sede electrónica (información pública, taboleiro de anuncios e edictos do concello da Coruña)

A Coruña a 9 de agosto de 2019.

O Concelleiro de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade,

Juan Manuel Díaz Villoslada

ÁREA DE URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE
DIRECCION DE URBANISMO- XESTION DO SOLO
 **620/2019/17**  **62013S00P3**

RELACION DE BENS E DEREITOS AFECTADOS

Nº parc.	Situación	Titular catastral	Referencia catastral	Superficie expropiada (m²)
1	San José 2	Herederos de Josefa Boedo Rodríguez Roberto Canzobre Rodríguez (DNI 08...90. N) María Fernanda Canzobre Rodríguez (DNI ..10..12 Z)	5702208NJ4050S0001IY	254,71
2	San José 4	Herederos de Pilar Boedo Pardo	5702207NJ4050S0001XY	140,36
3	San José 6	Esther González Iglesias(DNI 3..1.95. P), María Luz Suárez Mantiñán (DNI4901 Y), Herederos de Concepción Suarez Mantiñan, Manuela Suárez Mantiñán (DNI 32...12. L), José María Suárez González (DNI ..408.0. J), Emilio Suárez González(DNI ..4226.. H), Luis Manuel Suárez González (DNI .2.2.2.5 R) y Natividad Suárez González (DNI ..76..43 E)	5702206NJ4050S0001DY	37,52
4	San José 8	Purificación Vázquez Suárez (DNI 32..4..9 N) y María Luz Vázquez Suárez (DNI5999 T)	5702205NJ4050S0001RY	49,00
5	San José 10	Antonio Seoane Lorenzo (DNI 32....04 M)	5702204NJ4050S0001KY	51,20
6	San José 14	Julio Rodríguez Morato, María Luisa Rodríguez Morato(DNI 3....910 W), Diana Marine Rodríguez (DNI ..40..88 G), Vera Marine Rodríguez (DNI .640...9 C)	5702202NJ4050S0001MY	345,56
7	San José 16	Antonio Seoane Lorenzo (DNI 32....04 M)	5702201NJ4050S0001FY	141,80
8	San José 18	Herederos de Adela Blanco Boedo	5601413NJ4050S0001FY	63,60
9	San José 18 D	Herederos de Adela Blanco Boedo	5601412NJ4050S0001TY	43,60
10	San José 20	María Dolores Gosende Blanco (DNI 3...57.6 Z)y Carlos Díaz-Pache Montenegro (DNI ..555.8.B)	5601411NJ4050S0001LY	78,70
11	San José 22	Antonio Seoane Lorenzo (DNI 32....04 M)	5601410NJ4050S0001PY	31,80
12	San José 24	Antonio Fernando Díaz Barreiro (DNI ..83..35 Y)	5601409NJ4050S0001TY	63,10
13	San José 26	Antonio Fernando Díaz Barreiro (DNI ..83..35 Y)	5601408NJ4050S0001LY	156,94
14	San José 28	María Dolores Boedo García (DNI 3...573. N)	5601407NJ4050S0001PY	47,54
15	San José 30	María Iglesias Naya (DNI 32..76.. X)	5601406NJ4050S0001QY	49,90
16	San José 32	Laura Sánchez Souto (DNI..7654.. R)	5601405NJ4050S0001GY	29,50
17	San José 34	Manuela López Sande (DNI 3227.... J) Montserrat Losada López (DNI ..88..13 P) y José Manuel Losada López (DNI 3...580. K)	5601404NJ4050S0001YY	39,85
18	San José 36	Elvira Losada Martínez	5601403NJ4050S0001BY	52,46